

BAOBAB TEATRO nace a mediados do 2010, está formada por Andrea Bayer e Oscar Ferreira, ambos os dous cunha amplísima experiencia no campo do teatro infantil. Andrea Bayer é coñecida no mundo teatral por dirixir diferentes espectáculos que alcalnzaron varios premios ao mellor espectáculo infantil nas feiras de Cidade Rodrigo, espectáculos más innovadores na Mostra de Teatro de Rivasavia... C'O lobo e a lúa acadou o XI Barriga Verde para textos teatrais para monicreques na categoría de infantil.

MALASOMBRA PRODUCIÓNS é creada en 2006 polo actor Xoque Carbalal e afiánzase hoxe en día como unha das compañías con mais distribución en Galicia. Malasombra defende a comedia, mais faino como un medio de comunicación co público e non só como un fin.

TEATRO DOS GHAZAFELHOS é unha compañía nacida en Narón no ano 2006. Inicianse con pequenas obras de títeres, contacontos e teatro de rúa, e especialízanse en teatro actoral, consolidándose en pouco tempo como unha das compañías galegas de referencia para público familiar.

Desde a Concellaría de Cultura preténdese con estos **Domingos en familia** que pais e fillos poidan desfrutar xuntos destas obras, ademais de fomentar entre as familias de Melide a afección e gusto pola cultura teatral.

*O auditorio abrirá ao público 30 minutos antes de cada actuación e as portas fecharanse unha vez comezada a función.*



## CICLO DE TEATRO

PARA PÚBLICO FAMILIAR

### DOMINGOS EN FAMILIA



19:00 h - CASA DA CULTURA - ENTRADA DE BALDE

16 domingo  
SETEMBRO

23 domingo  
SETEMBRO

30 domingo  
SETEMBRO

## DOMINGO, 16 DE SETEMBRO: PUM PUM!

19:00 H - CASA DA CULTURA - ENTRADA DE BALDE



**Baobab Teatro** presenta un espectáculo de monicreques, teatro de actor, máscaras e sombras, con música orixinal e interpretada en directo.

### SINOPSE

Marieta é unha nena coma calquera nena de 5 anos, ela está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias, historias que teñen música e cantan cando Marieta quere, mais Marieta ten unha porta que garda un segredo. Un segredo que nunca contou e que ningúén escoitou.

**Pum Pum** é un espectáculo tenro para nenos/as a partir de 5 anos que fala de historias cotiás que lles pasan aos nenos/as destas idades, mais tamén fala dunha mensaxe clara: desde moi pequenos deben saber que ninguén lles pode obrigar a facer cousas que non queren.

AUTORA: Andrea Bayer

ACTORES: Davide González e Andrea Bayer

PÚBLICO: Familiar, para maiores de 4 anos

DIRECTOR: Óscar Ferreira

MÚSICA ORIXINAL: Davide González

DURACIÓN: 50 min

## DOMINGO, 23 DE SETEMBRO: OS FABULOSOS CLEANERS

19:00 H - CASA DA CULTURA - ENTRADA DE BALDE



**Os Fabulosos Cleaners** é o último espectáculo da compañía Malasombra Produccións. Un espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos.

### SINOPSE

Dous operarios da limpeza do teatro descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón.

O público sorprenderase e gozará con estas máxicas burbollas; pompas transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará da man destes personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.

AUTORES: Luis Beviá e Xoque Carbajal

ACTORES: Xoque Carbajal e Jouse García

PÚBLICO: Familiar, para maiores de 3 anos

DIRECTORES: Marcos Orsi e Xoque Carbajal

XÉNERO: comedia

DURACIÓN: 60 min

## DOMINGO, 30 DE SETEMBRO: BON APPETIT

19:00 H - CASA DA CULTURA - ENTRADA DE BALDE



**Teatro dos Ghazafelhos** presenta en clave de clown **BON APPETIT**.

Explosións, pancadas, persecucións, sustos, malos entendidos... ingredientes para unha comedia moi tola!

### SINOPSE

Antua de la Sardiní, Philip de Toucignom e Fransuá de la Berenxem son tres chefs que nos van amosar os segredos da cociña galega seguindo o prestixioso libro de receitas de Álvaro Cunqueiro, *A cociña galega*, "A cociña é arte, a expresión cultural que un pobo desenvolve ao longo do tempo." Nesta comedia a cociña tradicional galega é o ingrediente perfecto para escuchar de risa. Aquí o sinxelo pode ser tremendoamente difícil e o divertido pode ser moi perigoso.

TEXTO E DIRECCIÓN: Pepabo Patinho

ACTORES: Montse Piñón, Jorge Casas, Pepabo Patinho

PÚBLICO: Familiar/infantil, para maiores de 3 anos

XÉNERO: comedia

DURACIÓN: 60 min